

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de maio de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día cinco de maio de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(678).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión 14 de abril de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(679).- LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO EXERCICIO 2007 CONCEDIDA Á FUNDACIÓN SONDESEU. EXPTE. 2736/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Animación Sociocultural, do 28.04.08, conformado polo concelleiro de Animación sociocultural, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de novembro de 2007, acordou resolver a favor da FUNDACIÓN SONDESEU - CIF G-36.968.741 unha subvención para actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2007 por importe total de 1.132,23 euros en concepto das actividades: Cursiños didácticos

de Música Folk. Na base novena apartado dous da convocatoria da subvención indicábase que o prazo límite para a solicitude de liquidación era o 10 de decembro de 2007.

Tras o persoamento do beneficiario nas dependencias do Concello en data 9 de abril de 2008, este ten coñecemento da devandita resolución, polo que presenta o 22 de abril no Rexistro xeral deste Concello a solicitude de liquidación da subvención (doc. Nº: 80049069), requirida nas bases da convocatoria e que inclúe unha serie de documentos, indicando que a presentación da solicitude fóra do prazo concedido ó efecto se debeu ó descoñecemento da resolución de concesión da subvención por un fallo na súa notificación.

Consultada a documentación obrante neste servizo, compróbase que con data 21 de novembro de 2007, intentárase notificar a resolución á Fundación Sondeseu, notificación que resultou infrutuosa por ser a fundación descoñecida no enderezo indicado na solicitude, obviándose por parte deste servizo un envío a un segundo enderezo da persoa física representante da entidade, que tamén constaba na solicitude, tal como propón o artigo 59.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Tampouco se intentara a notificación da resolución pola vía da publicación por editos, recollida no artigo 59.5 da Lei 30/1992.

Para a liquidación desta subvención existe crédito suficiente tras a incorporación do correspondente remanente de 1.132,23 euros (operación AD 200800008422).

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Que se autorice a liquidación da subvención para actividades socioculturais realizadas no exercicio 2007 á Fundación Sondeseu por un importe de 1.132,23 euros”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(680).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 4/1401, 11/1705, 11/1682, 1/1046.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Lidia Iglesias Pereira. Expte. 1/1046.
- D^a. Dolores Bastos Márquez. Expte. 4/1401.
- D^a. Olimpia Rodríguez Domínguez. Expte. 11/1705.
- D. Enrique Simón Domínguez. Expte. 11/1682.

4(681).- SOLICITUDE DO CEIP COUTADA-BEADE DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O XXXII CROSS ESCOLAR COUTADA-BEADE O DÍA 25.05.08. EXPTE. 7757/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.04.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o C.E.I.P. Coutada-Beade, a organizar o vindeiro domingo 25 de maio de 2008, o “XXXII CROSS ESCOLAR COUTADA-BEADE”, dito Cross comenará ás 10.00 horas, e rematará as 13.30 horas, percorrendo os arredores do Colexio, a saída e a chegada será ao mesmo Colexio Coutada-Beade.

5(682).- SOLICITUDE DE RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN S.A. DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A MARCHA CICLISTA EN APOIO Á CANDIDATURA DE VIGO Á UNIVERSIADA O DÍA 11.05.08. EXPTE. 7812/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.04.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Rias Baixas Comunicación, S.A. a organizar o vindeiro domingo 11 de maio de 2008, a MARCHA CICLISTA EN APOIO Á CANDIDATURA DE VIGO Á UNIVERSIADA, esta marcha ciclista comenará cunha marcha cicloturista que sairá ás 10.00 horas dende a rúa Concepción Arenal, hacia o Val Miñor e rematará ás 11.45 horas na Praza de Compostela, a continuación comenará, ás 12.00 horas unha marcha de ciclismo popular, que se levará a cabo por distintas rúas da cidade, tendo a saída e a chegada a rúa Concepción Arenal.

6(685).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O XIV CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO-SAN MIGUEL O DÍA 11.05.08 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 7713/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 11.05.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación Deportiva Castro San Miguel, a organizar o vindeiro domingo 11 de maio de 2008, o "XIV CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO-SAN MIGUEL", dito Cross se levará a cabo no Parque de Castrelos, dende as 9.30 horas ata as 14.00 horas.

7(686).- PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ E PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 18144/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 2.05.08, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adjudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro á favor da UTE Eloymar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 13 de xuño de 2007.

A UTE Eloymar – Tranvías presentou os proxectos definitivos dos aparcadoiros das rúas Areal e Pintor Colmeiro en data 13 de decembro de 2007 e o da rúa Policarpo Sanz en 10 de xaneiro de 2008.

Co fin de determinar se os mesmos foron elaborados con suxeición o prego de cláusulas técnicas e administrativas e a proposta formulada polo adxudicatario recabáronse informes técnicos ós departamentos municipais implicados, así:

- Informes do Servizo de Electromecánicos, de datas 18/01/2008.
- Informes do Servizo de Vías e obras, de datas 25/01/2008, 31/01/2008, 14/02/2008 e 15/02/2008.
- Informe do Servizo de Montes, parques e xardíns, de data 22/01/2008.
- Informe do Servizo de Limpeza, de data 04/02/2008.
- Informe da Oficina Supervisión de proxectos e inspección de obras, de data 04/02/2008.
- Informe do Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade, de data 18/02/2008.
- Informes do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de datas 22/02/2008 e 21/04/2008.
- Informe do Servizo de Patrimonio Histórico, de data 30/04/2008.

Dos presentes informes se lle deu traslado á concesionaria, que formulou alegacións ós mesmos en data 13/03/2008 e presentou información complementaria en data 26/03/2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Unha vez outorgada a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 á UTE Eloymar - Tranvías, o concesionario ten a obriga de presentar os proxectos de construción subscritos por técnico titulado superior competente no prazo dos tres meses seguintes á formalización do contrato (artigos 5.2 PCAP e 2.6 PPT). Este prazo foi obxecto dunha prórroga de tres meses por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2007.

Os proxectos de construción, redactados polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, con visados do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de datas 10/12/2007 e 08/01/2008, foron presentados pola UTE Eloymar - Tranvías en datas 13/12/2007 e 10/01/2008. Tras ser presentados estes proxectos en prazo corresponde agora á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, decidir sobre a súa aprobación (artigo 44 PCAP). Esta aprobación require a emisión previa de informes polos servizos municipais implicados, que terán en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulte de aplicación (artigo 5.3 PCAP). Así, durante a tramitación deste procedemento recabáronse informes dos servizos municipais de mobilidade e seguridade; electromecánicos; vías e obras; montes, parques e xardíns; limpeza; supervisión de proxectos e inspección de obras e os servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo. Destes informes se lle deu traslado á UTE concesionaria, que formula alegacións ós mesmos en data 13/03/2008.

-II-

Os proxectos de construción deberán axustarse as especificacións técnicas contidas no prego de prescricións técnicas, que determina as directrices que deberán seguirse ó redactalos e a obriga de que se axusten ó previsto

no regulamento xeral de contratación (cláusula 2.6 PPT). Circunstancias que deben ser comprobadas polos diferentes servizos técnicos municipais.

No entanto, a concesionaria manifesta no seu escrito de alegacións que, ó seu xuízo, os informes dos diferentes servizos non se limitan a valorar a adecuación dos proxectos de construción ó prego de cláusulas técnicas e administrativas que rexe a concesión e á normativa legal aplicable así como a determinar as deficiencias detectadas nos aspectos relativos ó mantemento da funcionalidade dos servizos cuxa xestión teñen encomendada mentres dure a execución das obras e a adecuada reposición dos afectados unha vez finalizadas as mesmas. Estes informes, ademais de recoller estas deficiencias, inclúen melloras que, ó seu parecer, exceden da súa obriga de reposición dos servizos afectados pola realización das obras (artigo 45.1 PCAP), non previstas no devandito prego nin ofertadas na súa proposta ó participar no concurso para a adxudicación do contrato, melloras que valora en 836.875,93 €, e que considera que, de realizarse, deberían ser aboadas polo Concello. Neste senso, estrutura o seu escrito relacionando os diferentes informes dos servizos e distinguindo nos mesmos o que considera deficiencias ou erros, que procede a corrixir, e o que considera melloras, que se limita a cuantificar economicamente.

O enxeñeiro municipal encargado da supervisión das obras dos aparcadoiros, en informe de data 21 de abril de 2008, con relación á estes extremos manifesta que “As modificacións que introducen os informes dos diferentes servizos municipais, son valoradas pola concesionaria en 836.875,93 €. O meu entender, vulneran o Prego xa que constitúen unhas esixencias de calidade e cantidade dos materiais, que superan a simple reposición, a que está obrigada a concesionaria pola oferta e o Prego. Por outra banda, independentemente das obxeccións que plantexa a dirección Facultativa, respecto a modificacións no deseño, os Servizos Municipais informantes non teñen dispoñibilidade presupostaria para afronta-las, polo que entendo que non deben terse en conta, de momento, as modificacións que representen un aumento de presuposto. Si no futuro, e mediante os acordos que procedan coa concesionaria, o Concello pretende introducir melloras en determinadas instalacións, sería razoable que contara coa correspondente partida presupostaria”. Á vista deste informe podemos concluír que non procede executar estas melloras.

Neste informe do enxeñeiro municipal encargado da supervisión das obras de data 21/04/2008 se pon de releve a existencia dunha diferenza económica a favor do Concello derivadas de dous conceptos: a innecesariedade de soterrar un transformador na rúa areal prevista no anteproxecto (presupostado en 161.981,31 €) e de que a valoración da urbanización dos proxectos (6.418.520,53€), é inferior en 66.905,27 € da que lle correspondería consonte ó acordo de adxudicación (6.485.425,80 €), extremos reflectido nos seguinte cadro comparativos.

Aparcamiento	Superficie de urbanización (m2)	Proyecto de execución (€) (iva incluído)	Acordo de aprobación (€)	Diferencia (€)
Areal	13.876,00	2.649.622,20	2.649.622,20	- 90.753,30
Policarpo Sanz	13.808,00	3.111.307,16	2.636.637,60	+ 474.669,56
Pintor Colmeiro	6.280,00	748.344,46	1.199.166,00	- 450.821,54
Total m2:	33.964,00	6.418.520,53	6.485.425,80	- 66.905,27

A diferenza resultante por ambos conceptos é de 228.886,58 €, cantidade que queda a disposición do Concello para ser utilizado en calquera actuación requirida polas obras.

Se determina neste informe do enxeñeiro municipal supervisor das obras que se respectan as condicións básicas de deseño determinadas pola Dirección Facultativa, sempre e cando cumpran os criterios municipais de seguridade, durabilidade e mantemento.

Así mesmo, se establece que o custo relativo ó equipamento para a fonte proxectada no ámbito da urbanización correspondente ó aparcadoiro da rúa Areal, por un importe de 47.491,00 € mais IVE, deberá ser incluído no proxecto de execución e ser asumido pola concesionaria.

Conclúe o citado informe determinando que a Concesionaria deberá corrixir os erros e indefinicións que a continuación se relacionan:

1. O erro do plano DR-02 do aparcamento de Areal, no que se refire a un colector D-1200 mm existente a repoñer. Trátase dun colector D-1200 mm de PRFV (en presión).
2. En ningún dos proxectos de construción está suficientemente clarexado nos planos o diámetro das

acometidas dos sumidoiros. Este non será nunca inferior a 200 mm, para facilitar o desagüe e o seu mantemento.

3. No proxecto de construción correspondente o aparcadoiro de Pintor Colmeiro deberán ser revisados os cálculos das seccións de tubaría ó non resultar suficientes para a recollida de pluviais da zona de xogos.

-III-

O prego de cláusulas administrativas particulares determina que téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local o “Proxecto de Modificación da Rede de Saneamento das concas vertentes afectadas pola prolongación do túnel do Areal”, no que se prevé a existencia dun colector de 1600 mm na rúa Pontevedra, así como outro de 1200 mm que procedente desta mesma rúa discorre lonxitudinalmente pola rúa Areal, e dada a interrelación entre os aparcadoiros de Areal e Policarpo Sanz e os colectores sinalados, a empresa concesionaria e o Concello deberán resolver sobre este extremo, que quedará reflectido no Proxecto de Execución (artigo 45.5 PCAP).

Informa ó respecto o enxeñeiro municipal supervisor das obras (informe de 21/04/2008) que “o aparcamento do Areal, afecta a dúas (2) conduccións de alivio en carga. Unha xa existente procedente da Rúa Colón de D-1200 mm en PRFV (poliéster reforzado con fibra de vidro), que discurre pola beirarúa da Comandancia de Mariña, e outra en proxecto de D-1600 mm en FD (fundición dúctil), que debería atravesar o aparcamento procedente da rúa Pontevedra. Como isto non é posible (cruzar o aparcamento), discurrirá, bordeando o parking, dende a rúa Pontevedra ata a conexión coa cámara de descarga xa existente, próxima o pretratamento da “palleira”. A pesar de que o prego non no esixe textualmente, a concesionaria, no ánimo de colaborar co Concello, accedeu a compartir o coste desta última conducción, a según o seguinte pre-acordo: O Concello asume o coste da traza que discurre dende a rúa Pontevedra o longo dos números pares da rúa Areal, e a Concesionaria asúmeo dende o cambio de alineación na rúa Areal nº-28, ata a súa conexión na cámara de descarga existente”. E a continuación propón que con cargo a cantidade dispoñible a favor do Concello de 228.886,58 €, á que se fixo relación no fundamento xurídico II, se financie a parte proporcional do colector-aliviadoiro da rúa Pontevedra, que deberá executarse simultaneamente cos desvíos de servizos do aparcamento da rúa Areal.

-IV-

O prego de cláusulas administrativas particulares esixe o concesionario presentar ó Concello un Plan de realización de obras un mes antes do inicio das obras de construción dos respectivos aparcadoiros, plans que serán mantidos durante a fase de construción e que serán resultado de completar os aportados polo adxudicatario na súa oferta (artigo 48.1 PCAP). Téndose presentado estes plans coa documentación relativa os proxectos de construción, e tras o informe favorable do enxeñeiro municipal supervisor das obras (conclusión nº 5 do seu informe de data 21/04/2008), procede a súa aprobación conxuntamente coa dos citados proxectos de construción.

-V-

O Servizo de Patrimonio Histórico, en informe de data 30 de abril de 2008, examina os aspectos arqueolóxicos e paisaxísticos relativos ós aparcadoiros das rúas Areal e Policarpo Sanz.

Así, en relación coa área afectada polo aparcadoiro da rúa Areal, fai fincapé nos “xardíns de Elduayen”, que considera que “non poden ser contemplados como un elemento illado, senón que constitúen a prolongación natural dos xardíns da Alameda. Para manter esa continuidade física e visual, é preciso que as actuacións que se realicen no seu ámbito non varíen nin distorsionen a calidade do seu deseño, mantendo en todo momento a mesma tipoloxía de xardín”. E que para acadar a súa integración no conxunto de xardíns lineais da antiga franxa marítima estiman necesario que se estude a posibilidade de trasladar a ubicación da saída peonil prevista no proxecto de construción do aparcadoiro polos seguintes motivos:

- O excesivo protagonismo que cobraría este elemento, restando importancia á vexetación que conforman os distintos parterres deste xardín.
- Perda da perspectiva visual sobre os diferentes elementos que conforman este espazo axardinado, así como a interrupción da relación entre estes e os edificios colindantes.
- Xeraría a apropiación dunha superficie importante destes xardíns que deturpa os valores sensorias e estéticos que lle son propios.”

Tampouco consideran adecuada a instalación de contedores soterrados nesta área por canto “a acumulación

excesiva de elementos dotacionais (contedores soterrados, parada de autobús, saída peonil, etc) supón a perda do eixo lonxitudinal do xardín”.

Con respecto á área de influencia do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz salientan que “as aliñacións das especies arbóreas en Policarpo Sanz e García Barbón, forman parte da memoria visual destas rúas, particularmente nesta última, con especies de idades superiores ós 90 anos (segundo información documental do arquivo municipal). ” E establece unha serie de directrices para a súa conservación e protección dos seus valores paisaxísticos:

- As aliñacións das especies arbóreas forman parte da memoria visual da rúa, mantendo un perfecto equilibrio na escala entre as persoas e os edificios, polo que sería desexable que na nova plantación se ocupase exactamente o mesmo emprazamento e alternancia que posúen na actualidade.
- En relación ó apartado de “transplante”, é moi aconsellable que a época para a súa realización sexa a idónea para estas especies e que coincida co período inmediatamente anterior á súa brotación anual. Hai que ter en conta que dado o tamaño, idade e o hábitat onde vexetan estas especies, calquera intervención sobre elas pode supor o risco de perdelas.
- No referente as reducións das partes vexetativas (aéreas e soterradas), deberase minimizar o máximo posible calquera tipo de actuación que deteriore a súa fisionomía, xa que esta constitúe un dos seus valores.
- Previamente á aplicación de calquera tipo de produto químico (antitranspirantes, cicatrizantes, etc), deberase presentar, para a súa autorización, informe asinado por técnico competente que garanta o bo fin do transplante.

-VI-

Dado que unha vez aprobados os proxectos de construción é preciso comprobar o replanteo dos mesmos, no prazo dun mes dende a súa aprobación, procede acordar a realización deste acto. O replanteo consistirá en comprobar a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, así como cantos supostos figuren nos proxectos aprobados e sexan básicos para a execución da obra. Ó mesmo deberán asistir a dirección facultativa, un representante do concesionario e outro da Administración asistido por un técnico municipal. Do seu resultado se levantará a correspondente acta (artigos 129 LCAP e 47 PCAP).

-VII-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar os proxectos de construción dos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro presentados pola UTE Eloymar-Tranvías en datas 13/12/2007 e 10/01/2008 e redactados polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en datas 10/12/2007 e 08/01/2008.

2º.- Condicionar esta aprobación ó cumprimento das seguintes condicións:

2.1 Corrixir os erros e indefinicións que a continuación se relacionan:

1. O erro do plano DR-02 do aparcamento de Areal, no que se refire a un colector D-1200 mm existente a repoñer. Trátase dun colector D-1200 mm de PRFV (en presión).
2. En ningún dos proxectos de construción está suficientemente clarexado nos planos o diámetro das acometidas dos sumidoiros. Este non será nunca inferior a 200 mm, para facilitar o desagüe e o seu mantemento.
3. No proxecto de construción correspondente o aparcadoiro de Pintor Colmeiro deberán ser revisados os cálculos das seccións de tubaría ó non resultar suficientes para a recollida de pluviais da zona de xogos.

2.2 O custo relativo ó equipamento para a fonte proxectada no ámbito da urbanización correspondente ó aparcadoiro da rúa Areal, por un importe de 47.491,00 € mais IVE, deberá ser incluído no proxecto de execución e ser asumido pola concesionaria.

2.3 Se respectan as condicións básicas de deseño determinadas pola Dirección Facultativa, sempre e cando cumpran os criterios municipais de seguridade, durabilidade e mantemento.

2.4 Con respecto ó aparcadoiro da rúa Areal deberase estudar máis polo miúdo a situación da saída peonil ubicada nos Xardíns de Elduayen, tendo en conta as directrices establecidas no informe do Servizo de Patrimonio Histórico de 30/04/2008, así como a conveniencia de incluír colectores soterrados nesta zona.

2.5 Con respecto ó aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz, no momento da reposición do arborado deberán terse en conta as directrices sinaladas no mencionado informe do Servizo de Patrimonio Histórico de 30/04/2008 en orde ó emprazamento, transplante, reducións das partes vexetativas e aplicación de calquera tipo de produto químico das especies arbóreas.

3º.- Que con cargo a cantidade dispoñible a favor do Concello de 228.886,58 € se financie a parte proporcional do colector-aliviadoiro da rúa Pontevedra, a executar simultaneamente cos desvíos de servizos do aparcamento da rúa Areal.

4º.- Aprobar os Plans de realización de obras relativos ós aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro presentados pola UTE Eloymar-Tranvías conxuntamente cos proxectos de construción.

5º.-Proceder a comprobación do replanteo dos proxectos de construción no prazo do mes seguinte á aprobación do presente acordo, acto ó que asistirán a Dirección Facultativa, un representante do concesionario e outro da Administración asistido por un técnico municipal. Deste acto se estenderá a correspondente acta.

6º.- Dar traslado do presente acordo á Concesionaria e ós servizos municipais implicados.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(687).- ADXUDICACIÓN DA SUBHASTA DE 24 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2235/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 23.04.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Enaxenar a Desguaces Mingos, S.L. por 2.700 euros 24 vehículos para chatarra relacionados no Expte. 2235/241.

9(688).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) GALAICA DE CONTRATAS.. Expte. 2287/241.

B) PLANITEC S.L. Exptes. 2284 e 2285/241.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

10(689).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 25.04.08 PARA A REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA XESTIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL E DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 4150/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 25.04.08, conformado pola delegada de Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Tralo exame da documentación e informes do expediente de referencia para a revisión de prezos do contrato da xestión do Centro de artesanía tradicional, equipamento adscrito ó Servizo de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o acordo de aprobar esa revisión de prezos na sesión do 18/02/2008.

Por parte do Servizo, se procedeu á dar cumprimento ó acordo, informando ó consultor dos trámites necesarios para facer efectiva a revisión de prezos. Postos en contacto co Servizo de Intervención, nos comunican que, examinando a documentación do expediente, detectaran un erro no texto do acordo da Xunta de Goberno Local, de

xeito que en lugar de establecer o período da revisión entre os meses de setembro 2006-outubro 2007, aprobárase o período outubro 2006-novembro 2007.

Polo exposto, é tendo en conta o disposto na lexislación de aplicación, en concreto o apartado 2. do artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, este Servizo propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Correxir o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno local adoptado na sesión do 18/02/2008, que é do seguinte teor literal: “Autorizar disposición de crédito por importe de 3.139,34 euros na partida 4531.227.06.01, en execución do punto terceiro do prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso dos servizos de xestión do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2006 á empresa “Van Divulgación Cultural, S.L.”, con cargo a que se pagarán os incrementos derivados da revisión de prezos no período outubro 2006 – novembro 2007.”,

de xeito que quede redactado nos seguintes termos: “Autorizar disposición de crédito por importe de 3.139,34 euros na partida 4531.227.06.01, en execución do punto terceiro do prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso dos servizos de xestión do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2006 á empresa “Van Divulgación Cultural, S.L.”, con cargo a que se pagarán os incrementos derivados da revisión de prezos no período setembro 2006 – outubro 2007.”

2. Notificar este acordo ós servizos municipais interesados e ó consultor.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(690).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA D^a. CARMEN MARÍA SANZ ALONSO. EXPTE. 18176/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 28.04.08, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 15 de abril de 2008 (expte. 18176/220), D^a Carmen María Sanz Alonso, NIF 36.063.965-B, e núm. persoal 22125, auxiliar de administración xeral adscrita ó Departamento de Mobilidade e Seguridade, solicita permiso non retribuído, por asuntos persoais, durante o período comprendido entre 23 de xuño e 7 de xullo de 2008.

En relación con dita solicitude emítense o seguinte informe:

O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte desta Unidade de Persoal non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, así como polo Departamento de Mobilidade e Seguridade.

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a CARMEN MARÍA SANZ ALONSO, NIF 36.063.965-B e núm. persoal 22125, auxiliar de administración xeral adscrita ó Departamento de Mobilidade e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos perso-

nais, no período comprendido entre o 23 de xuño e o 7 de xullo de 2008, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(691).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2008. EXPTE. 18216/220.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto o informe de fiscalización do 30.04.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos do 28.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 8.132,51 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, OSPIO-Vias e Obras-Control Concesionarias, Seguridade, Educación, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios, Parque Móbil, Museo Quiñones de León, Conserxería, Sanidade, Muller e Inspección de Tributos con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	293,74
5110	OSPIO-Vias e Obras-Control Concesionarias	3.346,20
2220	Mobilidade e Seguridade	708,13
4220	Educación	378,86
4631	Participación Cidadá	29,07
3130	Benestar Social	154,66
4430	Cemeterios	131,29
1212	Parque Móbil	210,29
4513	Museo Quiñones de León	45,60
1210	Conserxería	419,90
4120	Sanidade	464,45
4632	Muller	44,42
6110	Inspección Tributos	1.905,89
	TOTAL	8.132,50

13(692).- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DO 1º EXERCIZO DE TÉCNICO MEDIO PARA O SERVIZO DE TURISMO (INTERINO). EXPTE. 17884/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 28.04.08, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Decláranse admitidos/as provisionalmente todos os aspirantes que presentaron solicitude para participar nas probas selectivas para a contratación con carácter interino dun/dunha técnico medio de relacións públicas para o Servizo de Turismo, agás os que a continuación expresamente se exclúen polos seguintes motivos que en cada caso se indican co cardinal correspondente e que poderan ser subsanados nos termos do disposto no apartado terceiro do presente acordo:

APELIDOS E NOME		
AGRA LAYA, M ^a VICTORIA	35.296.201-X	ADMITIDA
ALONSO IGLESIAS, ELENA	36.160.192-Y	ADMITIDA
ARBONES ARTETA, SOCORRO	36.059.984-D	ADMITIDA
BALADO FIGUEROA, ANA	36.133.593-H	ADMITIDA
BARREIRO COSTAS, NOEMI IRIA	36.171.270-K	ADMITIDA
BLANCO CANCIO, LINA	36.119.555-X	ADMITIDA
CARIDE PEREZ, M ^a AMANTE	36.030.858-R	1-2-4
CONDE FERNANDEZ, ANA	36.117.973-S	ADMITIDA
DIAZ LOPEZ, EMMA	34.261.744-R	ADMITIDA
DUEÑAS CORCHERO, FATIMA	44.085.056-J	ADMITIDA
FERNANDEZ YAÑEZ, ROSA M ^a	36.133.422-p	1
GIL ALONSO, M ^a ESTHER	36.135.954-C	ADMITIDA
GONZALEZ MARTINEZ, ANA BELLEN	36.170.680-Y	ADMITIDA
LEIRO JORGE, ROSA MARIA	36.108.118-G	ADMITIDA
MARIN GOMEZ, M ^a INMACULADA	30.473.089-K	ADMITIDA
MARIÑO RODRIGUEZ, M ^a EUGENIA	36.133.249-L	1-2
MIRALLES PESO, PATRICIA	35.317.319-Z	3
OTERO DESOJO, NURIA TERESA	36.102.502-T	2
PAZ BARROS, LUCIA	73.241.168-Z	1-2
RIVERO OBREGON, ROSA	38.556.877-E	ADMITIDA
RODRIGUEZ GOMEZ, PATRICIA	53.179.819-R	2
ROGERO CUESTA, PAULA	34.876.236-W	2
SEÑORANS CRESPO, NATIVIDAD	35.480.699-W	ADMITIDA

- 1: Non aportar certificado médico oficial.
- 2: Non aportar declaración xurada exixida no apartado d) da base I Condicións dos aspirantes e acreditación documental.
- 3: Non aportar a titulación.
- 4: Non aportar a documentación debidamente compulsada.

Segundo.- O órgano de selección estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta.- Titular: D^a María Dapena Gómez, xefa da Unidade de Persoal do Concello de Vigo.
Suplente: D^a Margarita Parajó Calvo, técnica de administración xeral do Concello de Vigo.
- Secretario.- Titular: D. Xesús Costas Abreu, xefe servizo contencioso do Concello de Vigo.
Suplente: D^a Susana García Alvarez, técnica de administración xeral do Concello de Vigo.

Vogais.- Titular: M^a Nieves Raposo González, inspectora de turismo da Delegación de Pontevedra da Consellería de Innovación e Industria.
Suplente: D. José Dieguez García, xefe Servizo de Turismo da Delegación de Pontevedra da Consellería de Innovación e Industria.
Titular: D^a M^a Pilar Díaz de Bustamante, técnico medio de actividades culturais e educativas.
Suplente: D^a Paz Fernández Fernández, xefa sección coordinación Benestar Social do Concello de Vigo.
Titular: D. Jesús López Moure, técnico medio de actividades culturais e educativas.
Suplente: D. Javier Albertos Benayas, programador de informática do Concello de Vigo.

Terceiro.- De conformidade co previsto nas bases da convocatoria contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do tribunal cualificador poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación deste acordo contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Cuarto.- O primeiro exercicio terá lugar o martes día 20 de maio de 2008, ás 9,00 horas, na planta 11 da Casa do Concello.

As probas efectuaranse en chamamento único ó que deberán comparecer os/as aspirantes co seu DNI e bolígrafo.

En canto á abstención e recusación dos membros do tribunal, rexerán os arts. 28 e 19 da Lei de procedemento administrativo, 30/1992, do 26 de novembro.

14(693).- ABOAMENTO DE RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS A POLICÍAS NOMEADOS EN PRÁCTICAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SÚA SESIÓN DO 22.10.07. EXPTE. 18217/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

15(694).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CITANIA AEDIFICANDI S.L. POLO PERMISO DE CIRCULACIÓN Á RÚA JOQUÍN LÓRICA, 29 POR OBRAS. EXPTE. 55264/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 16.04.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 3 de abril de 2008 e número de documento 80039890, solicítase a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal por CITANIA AEDIFICANDI, S.L. (CIF: B-36819001) con data 04/03/2005 e número de operación 200500007517, por importe de 20.000,00 €, motivado polo permiso de circulación á r/ Joaquín Lóriga, 29.

No informe de inspección de data 8 de abril de 2008, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 20.000,00 € (vinte mil euros), a favor de CITANIA AEDIFICANDI, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(695).- PROPOSTA PARA DAR DE BAIXA A MÁQUINA LIMPAPRAIAS PO-20416-VE. EXPTE. 5807/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa a máquina limpapraias PO-20416-VE.

17(696).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ELYME S.L. POLAS OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA NA RÚA TABOADA LEAL Nº 13. EXPTE. 55396/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 28.04.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por ELYNE S.L. de data 22/04/08, en relación o aval constituído en data 04/04/2008, para responder dos danos que pudesen ocasionarse por execución de acometida eléctrica ao nº 13 da R/ Luis Taboada, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 25 de abril de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución do aval a ELYME S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 37,64 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(697).- RECLAMACIÓN DE INDEMNIZACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO PP QUIRÓS. EXPTE.4722/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Xerencia de Urbanismo, do 19.04.08, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Durante a tramitación do procedemento administrativo de aprobación do Plan Parcial Quirós, de iniciativa privada (expte. 5254/411), a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) esixiu en sucesivas ocasións o cumprimento da reserva mínima de aparcamentos regulada no art. 22.g) da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG-97) entón vixente, entendendo que ditos aparcamentos debían ser de titularidade pública e non privada, contrariamente á versión inicial do Plan Parcial aceptada polo Concello.

Así, dita Consellería requiriu no aptdo. "II.3.c)" do seu Informe de 03/08/1999 (Fº 41 do expte. admvo.) o seguinte:

"Cómpre facer unha previsión de prazas de aparcamento público axustado ás determinacións do artigo 22.g) da Lei 1/97, do Solo de Galicia. Neste mesmo senso, cumprimentarase igualmente o disposto no artigo 7.c) do Anexo ó Regulamento de Planeamento".

Tamén no posterior Informe preceptivo e vinculante de 02/05/2001 (fols. 183 e ss.) a CPTOPV insistiu na esixencia do cumprimento dese requisito, incidindo en que:

"(..) II.A).1.- É preciso incorpora-la previsión de aparcamentos públicos na proporción mínima sinalada no artigo 22.g) da Lei do Solo de Galicia; aparcamentos que deberán cumprilos requisitos sinalados no artigo 52 do vixente Regulamento de Planeamento, e 7 do seu Anexo, e que serán de cesión pública segundo se establece no artigo 72.2º da Lei 1/1997. Neste senso, no Plan Parcial examinado só se prevén 82 e serían precisas, de acordo co número de vivendas e edificabilidade, 538 plazas públicas de aparcamento".

No seguinte Informe da CPTOPV de 26/10/2001 (Fº. 197) a Administración autonómica reiterou a súa esixencia, incidindo no seu Apto. "II.1" na necesidade de presupostar no Plan Parcial o custe da obra de execución de ditos aparcamentos públicos de cesión obrigatoria.

2º.- Déuselle traslado dos citados Informes aos promotores do Plan Parcial (fols. 46, 182 e 198 do expte.), que procederon a dar cumprimento ao esixido neles, rectificando a documentación presentada no senso de incluír un novo edificio de aparcamentos no subsolo da praza pública do ámbito. (fols. 199 e ss.).

Así, no epígrafe "1.2.3.5.1" da Memoria da versión definitiva do Plan Parcial elaborada e presentada polos promotres da actuación (páx. 50), intitulado "Cesiones a realizar a favor del Ayuntamiento" precisouse o seguinte:

"(...) 2) Terrenos destinados a viales, aparcamientos en superficie y otros espacios libres: Se prevé la cesión a favor del Ayuntamiento, de los terrenos necesarios para la construcción de la red viaria proyectada, con sus aparcamientos anexos en superficie, que incluye los viales de nueva ejecución "A", "B", "C" y "E", el vial "D" que se apoya sobre el trazado del actual camiño de Ravisio, y la ampliación de la carretera provincial. La superficie destinada a viales y aparcamientos en superficie es de 12.298 m2, previéndose un total de 255 plazas de aparcamiento anexas a los viales.

3) Edificio destinado a aparcamiento bajo subsuelo de zona deportiva: Se prevé la cesión a favor del Ayuntamiento de la construcción en subsuelo, bajo la zona deportiva, destinada a aparcamiento para un total de 283 plazas. Dicha construcción se realiza en tres plantas de sótano de una superficie de 2.208 m2, con una superficie total construída de 6.624 m2".

É dicir, para poder alcanzar as 538 plazas públicas de cesión obrigatoria esixidas pola CPTOPV da Xunta de Galicia, os promotores dese ámbito decidiron ubicar 255 delas en superficie e 283 no subsolo, nun soto de tres plantas baixo a zona deportiva pública.

3º.- En data 26/11/2001 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial Quirós. As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP de Pontevedra núm. 12, de 17/01/2002. No Apto. "4.3.3.5" das mesmas (Fº 286), estableceuse que:

"(...) Bajo el subsuelo se prevé un garaje-aparcamiento en 3 sótanos, para un total de 283 plazas de aparcamiento".

Tamén na páx. 5 do "Estudio Económico Financiero" do Plan Parcial presupuestouse especificamente o custe de execución do aparcamento soterrado, na suma de 132.500.000 ptas. (796.341 euros).

4º.- En data 06/03/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do devandito Polígono, promovido e redactado pola súa Xunta de Compensación (expte. 4394/401).

O aparcamento público citado descríbese na finca resultante núm. 30, deste xeito:

"Adjudicatario: Se adjudica esta Parcela Nº 30, destinada a uso de equipamiento deportivo, de cesión obligatoria, bajo cuyo subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento, en pleno dominio al AYUNTAMIENTO DE VIGO.

Descripción a efectos registrales: (...) La parcela se destina a equipamiento deportivo, bajo cuyo subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento (...).

Descripción urbanística: (...) se destina a equipamiento deportivo, previéndose la construcción de instalaciones deportivas descubiertas. Bajo el subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento con una capacidad de 283 plazas, a desarrollar en 3 plantas.

Afección urbanística: La finca se halla libre de cargas".

Na cuantificación dos custes de urbanización imputados aos propietarios do polígono no Proxecto de Compensación (Aptdo. 9) figura a partida específica de 923.755,61 euros para a execución do mentado aparcamento público.

5º.- O día 30/04/2003, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do Plan Parcial Quirós (expte. 4392/401). Na parte expositiva dese Acordo manifestouse o seguinte:

"(...) O devandito presuposto inclúe o das obras precisas para a execución das prazas de aparcamento previstas no subsolo da área deportiva -796.341,04 euros-, que polas súas características deberán ser obxecto dun proxecto aparte, tal e como sinala o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas municipal de data 28 de abril de 2003 (...)".

6º.- Mediante senllas resolucións de data 12/05/2005 o Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo outorgou licenzas de obras e actividade á Xunta de Compensación do Plan Parcial "Quirós SU PP 1" para a execución dun garaxe-aparcadoiro de propiedade municipal, composto de tres plantas soto baixo rasante para un total de 283 prazas no subsolo da parcela 3 do proxecto de compensación do devandito ámbito (exptes. 28463/422 e 49902/421). A instalación todavía non está rematada, nin dispoñe polo tanto de licenzas de primeira ocupación e funcionamento.

7º.- En datas 27/10/2005 e 15/12/2005 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou senllas Sentenzas nos recursos cont.-ad. 2/4264/2002 e 2/4238/2002 promovidos respectivamente por D. José Manuel López Fernández e pola mercantil "Atlántico Construcciones y Promociones SL" contra o citado Acordo plenario municipal de aprobación definitiva do Plan Parcial Quirós. A primeira delas desestimou a Demanda (interposta contra a totalidade do Plan Parcial). Na segunda anuláronse os aptdos. "3.A.1", "4.A" e "C.c" do Plan Parcial. Considerou o Tribunal que a reserva de aparcamentos establecida no art. 22.g) LSG-97 non implica necesariamente a súa titularidade pública.

8º.- No 13/12/2006, D. Ubaldino Rodríguez Bello, dicindo actuar no nome e representación da Xunta de Compensación do PP Quirós, así como das entidades mercantís "Miraflores Vigo SA" e "Atlántico Construcciones y Promociones SL" presentou no rexistro da Xerencia de Urbanismo un escrito de reclamación de indemnización por importe de 1.556.135,06 euros motivada na suposta responsabilidade patrimonial na que incorreu o Concello de Vigo como consecuencia da devandita Sentenza.

Mediante oficio do 02/01/2007 requeriúselles ao solicitante a acreditación da súa representación, así como a aportación do correspondente acordo das entidades representadas de interpór dita reclamación e escrito de proposición de proba.

Nos días respectivos 19/01/2007 e 23/01/2007 D. Ubaldino Rodríguez Bello presentou senllos escritos achegando diversa documentación, así como proposición de proba, remitida á documental xa aportada coa súa solicitude inicial.

O 05/03/2007 o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento e Xestión emitiu un Informe sobre a devandita reclamación. A continuación abríuse un trámite de audiencia polo prazo de dez días. En data 04/04/2007 D. Ubaldino Rodríguez Bello presentou o correspondente escrito de alegacións, ratificándose

na súa solicitude inicial. No 04/04/2008 voltou a presentar un novo escrito solicitando que se resolva expresamente a reclamación indemnizatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Este procedemento tramítase consonte co disposto nos Arts. 139 e ss. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas (LRXA-PAC), Art. 54 Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL) e Arts. 223 e ss. R.D. 2568/1986, do 2 de novembro (ROF).

Debido ao tempo transcorrido dende a data de interposición da reclamación indemnizatoria pode considerarse desestimada por silencio administrativo negativo (art. 142.7 LRXA-PAC). Sen embargo, o art. 42.1 LRXA-PAC obriga a dictar resolución expresa en todo caso, aínda que previamente se teñan producido os efectos do silencio administrativo.

II.- Con carácter preliminar, debe inadmitirse de plano a reclamación formulada no nome das entidades mercantís “Miraflores Vigo SA” e “Atlántico Construcciones y Promociones SL”, por falla de lexitimación activa.

As obras de urbanización do Plan Parcial Quirós foron asumidas, executadas e custeadas pola Xunta de Compensación do polígono (arts. 133 e ss. Lei 1/1997, do 24 de marzo, de Solo de Galicia -LSG97- e arts. 154 e ss Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia -LOUGA-), entidade con personalidade xurídica propia na que tamén se integran distintos propietarios particulares alleos ás devanditas sociedades mercantís. A solicitude indemnizatoria fórmulase por unha cantidade total e conxunta integrada nos custes de urbanización imputados á Xunta de Compensación, sen distinguir nin repartir cuotas entre as reclamantes. Queda claro polo tanto que únicamente a Xunta de Compensación –que abranque a tódolos propietarios do polígono- está lexitimada para formular dita pretensión.

III.- Entrando xa no fondo do asunto, a reclamación da Xunta de Compensación do PP Quirós debe desestimarse por falla de lexitimación pasiva desta Administración municipal.

Efectivamente, o Concello de Vigo aceptou -no que se refire aos aparcamentos- a versión primitiva do Plan Parcial Quirós inicialmente presentada polos promotores da actuación. Foi a Xunta de Galicia a que posteriormente, mediante os seus Informes preceptivos e vinculantes (citados no antecedente “1º”), esixiu as 538 prazas públicas de aparcamento logo cuestionadas, adoutando unha interpretación do art. 22.g) LSG-97 que esta Administración municipal non compartía.

Os promotores da actuación decidiron acata-los devanditos Informes vinculantes da Xunta de Galicia e como consecuencia delo elaboraron e presentaron na Xerencia de Urbanismo a versión modificada do Plan Parcial que logo o Concello de Vigo se limitou a aprobar trala súa correspondente tramitación.

Queda claro polo tanto que non existe ningunha relación de causalidade entre a actividade desta Administración municipal e a hipotética lesión invocada pola Xunta de Compensación. Toda a responsabilidade na causación do suposto dano é imputable en exclusiva á Xunta de Galicia, que adoutou esa particular interpretación do disposto no art. 22.g) LSG-97 sobre a titularidade pública da reserva de aparcamentos nel establecida, e a impuso na tramitación do Plan Parcial Quirós mediante os seus Informes preceptivos e vinculantes.

A Xunta de Compensación reclamante debía terse dirixido polo tanto directa e exclusivamente á Administración autonómica, e non a este Concello, como indebidamente fixo. Motivo polo cal resulta obrigada a desestimación da mentada reclamación indemnizatoria (S TSX Galicia 12/09/2003).

IV.- Con independencia e sen prexuízo de que o sinalado no fundamento anterior constitúe causa máis que suficiente para rexeita-la indemnización solicitada, cabe engadir “óbiter dicta” que existen outros motivos adicionais que levarían á mesma conclusión.

Así por exemplo, apréciase unha evidente “concorrenza de culpas” na actuación dos propios reclamantes así como unha “contradicción cos seus propios actos”, dado que tiveron a oportunidade de evita-la consumación do suposto dano polo que agora reclaman, e non o fixeron. Efectivamente, puideron impugnar directamente os

citados Informes vinculantes da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia cando lle foron notificados. En lugar diso procederon sen máis (e sen manifestar ningunha obxección, nin reserva) a presentar no Concello unha nova versión do Plan Parcial na que decidiron, pola súa propia vontade, localiza-los aparcamentos nunha edificación no subsolo dun espacio libre de dominio público, e non en superficie, nin noutro emplazamento distinto. Trala aprobación definitiva do Plan Parcial, no canto de agardar á resolución do proceso contencioso interposto contra él pola mercantil “Atlántico Construcciones y Promociones SL”, continuaron cara adiante, executando o Plan Parcial redactado por eles mesmos e os aparcamentos públicos soterrados previstos nel. A Xunta de Compensación reclamante (que nin sequera chegou a impugna-lo Plan Parcial) redactou e promoveu a aprobación do Proxecto de Compensación e Proxecto de Urbanización nos que se preveía expresamente ese aparcamento público subterráneo, como obra de urbanización do polígono. Ambos proxectos foron aprobados nas correspondentes asembleas da Xunta de Compensación cos votos favorables das entidades mercantís agora reclamantes. Tanto elas como a Xunta de Compensación consentiron e non impugnaron ditos proxectos de compensación e urbanización, procedendo a Xunta de Compensación a executalos pola súa propia vontade ata o remate final do aparcamento.

Queda claro que os propios reclamantes tiveron a oportunidade de evita-la consumación dos supostos danos agora reclamados, ou polo menos minoralos substancialmente (por exemplo impugnando dende un principio os informes vinculantes da Xunta de Galicia, ou agardando á finalización do proceso contencioso para construí-lo aparcamento, ou, trala sentenza, modificando o Plan Parcial, Proxecto de Compensación e Proxecto de Urbanización), e non o fixeron. Actividade culposa na causación do suposto dano que exige de responsabilidade á Administración pública.

V.- Por último invócase o disposto no art 142.4 Lei 30/1992 (LRXA-PAC), no que se preceptúa que: “A anulación na vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contencioso-administrativa dos actos ou disposicións administrativas non presupón dereito a indemnización”.

Para que naza ese dereito, é necesario que a actuación administrativa sexa “antixurídica”. E neste caso non o foi. A interpretación do disposto no art. 22.g) LSG-97 adoutada pola Xunta de Galicia (titularidade pública da reserva de aparcamentos nel establecida) resultaba razoable á vista do preceptuado no art. 72.2.b) da mesma Lei e da xurisprudencia anterior. Asemade, representa un principio básico do dereito urbanístico que as reservas dotacionais legais constitúen mínimos que o planeamento de desenvolvemento non pode reducir, pero sí incrementar (cos límites ínsitos á potestade discrecional do planeamento) -Sentenzas do TSX Galicia do 18/12/2003 e 13/03/2008-.

É reiterada a xurisprudencia que nega a concorrencia de “antixuridicidade” xeradora de responsabilidade patrimonial en casos coma éste. Pode citarse como exemplo en supostos similares a Sentenza do TSX Canarias núm. 460/2002, de 22 de abril (rec. 902/1998, JUR 265615), ou a do Tribunal Supremo (Sª 3ª) do 27/12/2005 (casación 4875/2002), na que sinalou o seguinte:

“(…) El deber jurídico de soportar el daño en principio parece que únicamente podría derivarse de la concurrencia de un título que determine o imponga jurídicamente el perjuicio contemplado, tal sería la existencia de un contrato previo, el cumplimiento de una obligación legal o reglamentaria siempre que de esta se derivasen cargas generales, o la ejecución administrativa o judicial de una resolución firme de tal naturaleza; esto que desde la perspectiva del funcionamiento de los servicios públicos aparece relativamente claro en su interpretación, se complica a la hora de trasladarlo a los supuestos de anulación de resoluciones administrativas.

En los supuestos de ejercicio de potestades discrecionales por la Administración, el legislador ha querido que ésta actúe libremente dentro de unos márgenes de apreciación con la sola exigencia de que se respeten los aspectos reglados que puedan existir, de tal manera que el actuar de la Administración no se convierta en arbitrariedad al estar ésta rechazada por el artículo 9.3 de la Constitución.

En estos supuestos parece que no existiría duda de que siempre que el actuar de la Administración se mantuviese en unos márgenes de apreciación no sólo razonados sino razonables debería entenderse que no podría hablarse de existencia de lesión antijurídica, dado que el particular vendría obligado por la norma que otorga tales potestades discrecionales a soportar las consecuencias derivadas de su ejercicio siempre que éste se llevase a cabo en los términos antedichos; estaríamos pues ante un supuesto en el que existiría una obligación de soportar el posible resultado lesivo». (...)

En aplicación de los artículos 139 a 144 de la LRJ-PA y 121 a 123 de la de Expropiación Forzosa, que se citan como infringidos, se requeriría, pues, no solamente la efectiva realidad de un daño material, económicamente valuable, y que no haya obligación de soportar, sino que ese daño se haya producido como consecuencia del funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos a través de una relación directa, exclusiva o inmediata, de causa a efecto, que en absoluto puede ser confundida con la razonada elección por una de las soluciones jurídicamente aplicables al problema planteado, siquiera haya resultado desacertada en el caso concreto. (...) Por otra parte, la complejidad de la actuación municipal –quizá determinante de su propia actuación– que ha requerido, de momento, de dos sentencias de este Tribunal para tratar de clarificar la legalidad de la citada actuación, pone de manifiesto que en esta materia, la dificultosa y relativa interpretación de la normativa urbanística no siempre ha contado con criterios absolutamente unánimes, dada la extraordinaria variabilidad de las circunstancias fácticas a tener en cuenta para fijar el alcance real de muchos de sus conceptos jurídicos indeterminados; la propia doctrina se ha hecho eco de esas diferencias al referirse a la doctrina jurisprudencial interpretativa que ha prevalecido en los últimos tiempos. Por ello no cabe deducir, de la final discrepancia con el criterio seguido por la Administración municipal con su actuación urbanística y su posterior otorgamiento de la apertura de las salas de multicine en Ilumbe, la procedencia de obtener con ello una indemnización por los eventuales perjuicios sufridos con esa apertura. El criterio de la Administración no constituye sino la expresión de un punto de vista interpretativo de una disposición legal simplemente desacertado, a tenor de la doctrina jurisprudencial actual que nos ha servido de fundamento, mas nunca revelador de una actuación realizada fuera de los márgenes de una discrecional apreciación en orden a la cabal interpretación de la norma. Consecuencia de esto último habrá de ser, en todo caso, la ausencia de una lesión antijurídica irrogada al particular que pudiese justificar la indemnización de perjuicios solicitada.”

Así o considerou igualmente o TSX Galicia en casos análogos nas súas Sentenzas 799/2003, de 24 de setembro (rec. 619/2002) e 1165/2000, de 5 de xullo (rec. 1740/1997)

VI.- Tampouco se acepta a cuantificación do suposto dano efectuada polas reclamantes (1.556.135,06 euros), ao non corresponderse co presuposto da obra do aparcamento subterráneo previsto no propio Plan Parcial (796.341,04 euros), nin tampouco co do Proxecto de Urbanización.

VII.- É competente para emiti-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.f) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adoución do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Inadmitir a reclamación formulada por D. Ubaldo Rodríguez Bello no nome e representación das entidades mercantís “Miraflores Vigo SA” e “Atlántico Construcciones y Promociones SL” de indemnización de 1.556.135,06 euros, por falla de lexitimación activa das devanditas entidades (expte. 4722/401).

SEGUNDO: Desestima-la reclamación formulada no nome da Xunta de Compensación do Plan Parcial Quirós, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo.

TERCEIRO: Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo ás reclamantes, así como á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, coa indicación de que contra ela cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo no Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese tamén á oficina de “Servizos Centrais” da Xerencia de Urbanismo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(698).- ACEPTACIÓN DA CESIÓN REALIZADA POLO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E DO SOLO DE TRES VIVENDAS DESTINADAS Ó COLECTIVO DE MULLES VÍTIAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 4772/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo técnico de Admón Xeral, o director da Oficina de Planeamento e Xestión e a delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, do 11.03.08, que di o seguinte:

O 20.02.04 o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e do Solo asinaron convenio de colaboración de diversas actuacións en materia de vivenda. Entre o contido do devandito convenio se preveía a cesión por parte do Instituto Galego da Vivenda e do solo (en adiante, IGVS) seis vivendas rehabilitadas na rúa Ferreiría coa finalidade de adicalas ao aloxamento de persoas en situacións de grave dificultade.

Tra-la petición do Concello a Xunta Cualificadora de Vivenda, na súa sesión de 22.02.07 (punto 2º do acta), adoptouse o seguinte acordo: "(...) O Vicepresidente expón que: A Xunta Cualificadora, con base na proposta do Concello de Vigo, acordara solicitar aos servizos centrais un informe sobre a viabilidade de que a cesión do 10 % que lle correspondería –por mor da cesión gratuita polo Concello de solo urbanizado para unha determinada promoción de vivendas- en relación ás parcelas cedidas no expediente PO-2002/701 de O Calvario e no expediente PO-97/020 do Casco Vello se materialice na cesión dun equivalente en vivendas dispoñibles noutras promocións. A dirección técnica de xestión patrimonial do IGVS resposta á consulta mediante informe – 14.02.07- no que se admite a viabilidade da solución proposta se ben supedita a dous requisitos (...) Vistos os informes que se incorporan como ANEXO á presente acta, a xunta cualificadora acorda por unanimidade que a devandita cesión do 10 % a favor do Concello deVigo se materialice, de conformidade coa solución contida no informe técnico, nas seguintes tres vivendas (...)”.

A Conselleira de vivenda e solo de data 8.05.07 resolveu o seguinte: "(...) 1.-Autorizar a cesión gratuita a favor do Concello de Vigo das seguintes vivendas de promoción pública: (...) 2.- As vivendas serán destinadas a atender casos de especial necesidade e preferentemente a familias con ingresos ponderados anuais totais inferiores a 1,5 veces o IPREM. O incumprimento de dita obriga dará lugar á resolución da cesión da reversión das vivendas ao IGVS (...)”.

En data 14.09.07 a Concelleira delegada de igualdade asina escrito no que se poñe en coñecemento o ofrecemento ó Concello de tres vivendas e que o seu destino é o colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Título polo que se adquiren as tres vivendas ofrecidas polo Instituto Galego da Vivenda e do Solo.- De acordo co previsto no artigo 26 do decreto 257/2004, de 29 de outubro, no suposto de que o Concello cedese gratuitamente o solo urbanizado preciso para a promoción de que se trate, o 10 % das vivendas resultantes ou da superficie útil edificada será de cesión gratuíta ao Concello. Tra-la oportuna petición e aceptación polo Concello, concrétnanse as vivendas que ofrece o IGVS á presente Entidade Local.

2.-Procedemento para a aceptación das vivendas descritas na proposta de 14.09.07 da Concelleira delegada de igualdade.- Tendo en conta o previsto nos artigos 15 e seguintes da Lei 33/03, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, procede a adopción de acordo expreso de aceptación da cesión. A mesma debe ser formalizada en escritura pública ó abeiro do disposto no artigo 113 da Lei 33/03, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas. Así mesmo, unha vez formalizada en escritura pública a aceptación da cesión, deberá promoverse a inscrición rexistral.

3.-Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aceptación da cesión corresponde á Xunta de Goberno Local.

Á vista do informado, previo informe de fiscalización (se procede), proponse a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a cesión dos inmobles descritos na proposta da Concellería delegada de igualdade de 14.09.07 e ofrecidas polo IGVS tra-la resolución da Conselleira de vivenda e solo de data 8.05.07.

2.-Formalizar a cesión en escritura pública e promover a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

3.- Comunicar o presente acordo á oficina de patrimonio para que procedan a dar de alta no Inventario Xeral de Bens do Concello, tendo en conta que os inmobles teñen natureza patrimonial aínda que o destino dos mesmos está condicionado polo previsto no 26.2.b e 26.3 do Decreto 257/2004, de 29 de outubro, sobre o réxime xurídico das vivendas de promoción pública, locais de negocio e solo de promoción pública.

4.- Notificar o presente acordo á Concellería de Igualdade e ó IGVS, informando que contra o presente acordo se poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición en vía administrativa no prazo dun mes ou, no prazo de dous meses recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(699).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2008. EXPTE. 3069/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 21.04.08, conformado polo secretario e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

O Pleno da Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o 20 de decembro de 2007, aprobou definitivamente o cadro de persoal para o exercicio de 2008, no que se incluía o correspondente ó Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 2008, aprobou a relación de postos de traballo do ano 2008 de dito Organismo Autónomo (expediente 2.891/407).

Unha vez aprobado o devandito cadro de persoal e a relación de postos de traballo, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei de Bases de Réxime Local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de emprego público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte o disposto polo artigo 70 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, “as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público”.

Das 14 prazas que integran a Oferta de emprego público 2008 que se pretende aprobar, 4 resérvanse a promoción interna (de axiliar administrativo a administrativo) e as 10 restantes a turno libre (1 de alguacil-notificador, 4 auxiliares administrativos, 1 administrativo, 1 programador informático, 1 arquitecto técnico y 2 técnicos de administración xeral). Destas 10 prazas, na actualidade están cubertas interinamente 4 (3 auxiliares administrativos e 1 técnico de administración xeral).

O pasado 18 de abril de 2008, foi obxecto de negociación sindical a presente proposta, recibindo o respaldo unánime do Comité de Persoal.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte o artigo 3 f) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ó Pleno do Concello de Vigo, a proposta do Consello da Xerencia.

Toda vez que a Lei 57/2003, de 16 de decembro, residenciou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei de Bases de Réxime Local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a oferta de emprego público do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo” para o ano 2008, integrada pola seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Acceso
2	Técnico Admón. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
5	Administrativo	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	1 Libre, 4 Prom.interna
4	Auxiliar administrativo	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	Libre
1	Alguacil-notificador	E	Admón. Xeral	Subalterna	-----	Libre
1	Arquitecto técnico	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Programador informático	C1	Admón. Especial	Técnica	Auxiliar	Libre

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(700).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO VELLO DE VIGO E BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS:

A) RÚA ABELEIRA MÉNENDEZ 1, 3º E. EXPTE. 325/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 15.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns e da vivenda do inmovel localizado en R./ ABELEIRA MÉNENDEZ 1, 3º E, a Juan Guerra Pérez con NIF. 11325035L das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Juan Guerra Pérez a axuda proposta de 14.840,70 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 10.000,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 4.840,70 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

B) PORTA DO SOL,3. EXPTE. 326/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 18.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 17/04/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmoble localizado en Pza./ PORTA DO SOL 3, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 7ª, anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MF
Mª del Pilar Sotelo Millán	Pza./ PORTA DO SOL 3, 0e1 -	35910344 F	15.041,67	7.000,00	6.317,50	3.158,75	3.158,75
Mª del Pilar Sotelo Millán	Pza./ PORTA DO SOL 3, 2 -	35910344 F	7.520,83	7.000,00	3.158,74	1.579,37	1.579,37
Mª del Pilar Sotelo Millán	Pza./ PORTA DO SOL 3, 4 -	35910344 F	7.520,83	7.000,00	3.158,74	1.579,37	1.579,37
TOTAL			30.083,33	21.000	12.634,98	6.317,49	6.317,49

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a María del Pilar Sotelo Millán (DNI/NIF nº 35910344F) as axudas do cadro que serán financiadas polo Ministerio de Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades do cadro. Conceder definitivamente as cantidades do cadro con cargo á partida 4320.7800700 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

C) PORTA DO SOL, 3-3º. EXPTE. 327/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 18.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 17/04/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmoble localizado en Pza./ PORTA DO SOL 3, 3º -, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinados o 27.04.2006 (7ª Fase), 23.04.2007 (8ª Fase) e o 08.11.07 (9ª Fase). Encadrados nos acordos e orzamentos da Fase 9ª, anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a María del Pilar Sotelo Millán (DNI/NIF nº 35910344F) a axuda de 12.545,14 euros que será financiada polo Ministerio de vivenda na cantidade de 6.272,57 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 6.272,57 euros. Conceder definitivamente a cantidade de 12.545,14 euros con cargo á partida 4320.7800900 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

D) SANTA MARTA, 36 E E. EXPTE. 336/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 15.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ SANTA MARTA 36, E-E, a Carlos Radio Soto con NIF. 36028899 das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase)) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Carlos Radio Soto a axuda proposta de 2.857,55 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 1.632,89 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 1.224,66 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

E) RÚA REAL, 10. EXPTE. 338/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 14.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns do inmovel localizado en R./ REAL 10, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MV
------	----------	-----	---------	---------	-----------	-----	----

Santiago Portela Buján	R./ REAL 10, 0	35960844E	9.100,40	7.000	6.370,28	2.730,12	3.640,16
Mª Gloria Portela Buján	R./ REAL 10, 1º	3590399M	4.650,05	7.000	2.361,56	1.180,78	1.180,78
Manuel José Portela Buján	R./ REAL 10, 2	35895943G	4.650,05	7.000	3.255,02	1.395,01	1.860,01
Mª Consuelo Portela Buján	R./ REAL 10, 3	35944727	4.293,75	7.000	3.255,02	1.395,01	1.860,013
TOTAL			22.694,25	28.000	15.241,88	6.700,92	8.540,963

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidades descritas no cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

F) RÚA POBOADORES, 57. EXPTE. 351/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 14.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ POBOADORES 57, 1º e 2º a María Nieves Remesar Conde con NIF. 36055493A das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2009 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, María Nieves Remesar Conde a axuda proposta de 19.000,00 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 12.000,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 7.000,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

G) RÚA POBOADORES, 57. EXPTE. 352/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 14.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ POBOADORES 57, 0º-A a María Fernanda Remesar Conde con NIF.

36089147P das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 23 de abril de 2007 (8ª Fase) anualidade 2009 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, María Fernanda Remesar Conde a axuda proposta de 17.488,00 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 13.116,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 4.372,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

H) RÚA POBOADORES, 57. EXPTE. 353/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 14.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ POBOADORES 57, 0º B a María Fernanda Remesar Conde con NIF. 36089147P das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 23 de abril de 2007 (8ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, María Fernanda Remesar Conde a axuda proposta de 19.000,00 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 12.000,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 7.000,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

I) RÚA POBOADORES, 56-1º. EXPTE. 354/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 22.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns e da vivenda do inmovel localizado en R./ POBOADORES 56, 1º a Carmen Moraña Pérez con NIF. 35934832T das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e

o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Carmen Moraña Pérez a axuda proposta de 17.556,85 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 10.000,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 7.556,85 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

K) RÚA REAL, 34-1º. EXPTE. 356/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 21.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ REAL 34, 1º B, a Jorge Blancos Santos con NIF. 35821627R das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Jorge Blancos Santos a axuda proposta de 1.937,22 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 1.500,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 437,22 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

L) POBOADORES, 5. 361/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 21.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ POBOADORES 5, a Promociones Vigo Vello con NIF. B36996619 das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en

materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2009 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MV
Promociones Vigo Vello	R./ POBOADORES 5, 0 -	B36996619	54.399,67	19.000,00	19.000,00	8.000,00	11.000,00
Promociones Vigo Vello	R./ POBOADORES 5, 1º -	B36996619	54.947,66	19.000,00	19.000,00	8.000,00	11.000,00
Promociones Vigo Vello	R./ POBOADORES 5, 2º -	B36996619	56.707,85	19.000,00	19.000,00	8.000,00	11.000,00
		TOTAL	166.055,18	57.000	57.000	24.000	33.000

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Promociones Vigo Vello as axudas propostas no cadro que serán financiadas polo Ministerio de Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades do cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

22(701).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 20.315,00 € A FAVOR DE XOMA INICIATIVAS SOCIAIS S.L. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN XUENIL. EXPTE. 2234/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe de fiscalización de data 25.04.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 21.04.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número nas facturas núm. X02/08 e na núm.X04/08 de Xoma Iniciativas Sociais S.L, CIF B 36.873.925, en concepto de Servicio Casa da Xuventude, que se achegan no expediente por un importe total de 20.315,00 € con cargo á partida 4520. 2270603 “*Servizos de Información Xuvenil*” do programa presupostario da Concellería da Xuventude para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Xoma Iniciativas Sociais S.L, CIF B 36.873.925 , por un importe total de 20.315,00.-€, en concepto de Servicio Casa da Xuventude, e adicado á prestación dos *Servizos de Información Xuvenil*, durante o periodo comprendido entre o 3 de marzo e 21 de abril do 2008, con cargo á partida 4520.227.0603 “*servizos de Información Xuvenil*”, do programa presupostario da Concellería da Xuventude para o exercicio 2008.

3º.- Aboar á “Xoma Iniciativas Sociais S.L, CIF B 36.873.925” , por un importe total de 20.315,00.-€, con cargo á partida 4520.227.0603 “*Servizos de Información Xuvenil*” do programa presupostario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2008.”

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

23(702).- CONTRATACIÓN DO EQUIPO LABORAL DA OFICINA DE EMIGRACIÓN-INMIGRACIÓN. EXPTE. 28162/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.04.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas do Servizo de Benestar Social, do 29.04.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Contratar para a oficina de información e atención específica de emigrantes, para as persoas que de seguido se indican:

LICENCIADO EN DEREITO:

Riobó Veiga, Luis Alberto, DNI 78 736 786N

DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL

Méndez Camaño, Sofía, DNI 76 826 904G

Alvarez Outeiro, Iria, DNI 53 176 152Z

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Campos Posada, Ignacio de Loyola, DNI 36 062 422D

A modalidade contractual será a de contrato temporal por obra ou servizo de duración determinada, a tempo parcial (20 horas semanais) para a categoría de avogado e de xornada completa para as categorías de traballadores/as sociais e auxiliar administrativo/a.

A duración do contrato será de un ano, prorrogable como máximo ata o 31 de decembro de 2009, data na que remata a vixencia do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Secretaría Xeral de Emigración da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia (aprobado pola Xunta de Goberno Local do 7 de xaneiro de 2008).

Pola Unidade de Persoal formalizaranse os contratos correspondentes, alta na seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

2.- Aprobar e dispoñer o gasto dos presentes contratos con cargo a partida 131002 “Gasto oficina inmigración” do funcional 3130 –Benestar Social-.

3.- Aprobar a seguinte lista de espera pola súa correspondente orde de puntuación, e por cada categoría profesional, para suplir baixas ou posibles eventualidades dentro do servizo de Benestar Social sempre que se precise o mesmo perfil e se cumpran os requisitos para ser contratados/as.

Para a categoría de licenciado/a en dereito:

1. Fernández Carrero, Mª del Carmen
2. Barreiro Roca, Lorena
3. Nogueiras Díaz, Elia

Para a categoría de diplomado/a en traballo social:

- Gomez Figueiro, Paula
- Merino Vaello, Daniel
- Vázquez Quinta, Mónica
- Rodríguez Millara, Ramona
- Vilariño Guntín, Bibiana

Para a categoría de auxiliar administrativo/a:

- Fernández Fernández, Paula María
- Cuadrado González, Eva
- Iglesias López, M^a Isabel
- Pereira Fontán, Eva
- Bilbao Echegaray, Benilde
- Collazo Saavedra, M^a Concepción
- López Copa, José Manuel
- González Rodríguez, M^a Emilia
- Coello Díaz, Francisca
- Alonso Pérez, Sonia
- Vázquez Souza, Iria
- Marcos Iglesias, M^a Isabel
- Lorenzo Núñez, M^a Jesus
- Ares Calviño, Marcia
- Fernández Fernández, Antonio
- Tapioles Vega, Yolanda Amparo
- Reboredo Agra, M^a de la Paz
- Lafuente Cadillo, Irene
- García Menduiña, Raúl Carlos
- Durán Pazo, Ana Paula
- Gil Alonso, M^a Esther
- Carrasco Couselo, María”

4.- Dispoñer que o presente acordo se publique no taboleiro de Edictos da Casa do Concello, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES contado dende a notificación ou publicación do presente, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

24(703).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA PARA O APOIO ÁS FESTAS DE VERÁN. EXPTE. 2745/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Animación Sociocultural, do 30.04.08, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

A Consellería de Innovación e Industria publicou a Orde de 24 de marzo de 2008 (DOGA nº69 de 10 de abril de 2008) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos da

comunidade galega con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos e a súa correspondente convocatoria. As ditas bases destínanse ao apoio, promoción e difusión de festas, e os proxectos que presenten os diferentes concellos poden acadar un máximo de axuda de ata o 40% do seu custo, dentro dun máximo de 30.000 euros.

Os expedientes de solicitude deben formularse nos modelos oficiais que establece a mencionada orde, achegando así mesmo os documentos referidos na dita convocatoria.

Por outra banda, a concellería de Animación sociocultural está a tramitar a programación para as Festas de Verán 2008, que inclúe unha serie de concertos, espectáculos e actividades que terán lugar entre os meses de xullo e agosto próximos, sendo que o custo estimado total para a organización e desenvolvemento desta programación calcúlase en 1.800.000 euros. Ó non resultar suficiente o crédito existente na partida presupostaria correspondente (Festas de Vigo: 4512.226.0805), cifrada en 706.000 euros, resulta necesaria a busca de patrocinios e subvencións para o cofinanciamento da dita programación.

Á vista do anteriormente exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Que se solicite a subvención de apoio á festas populares, relativa á Orde de 24 de marzo de 2008 da Concellería de Innovación e Industria, polo importe máximo de 30.000 euros.

2º. Que se faculte ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural para asinar a solicitude da devandita subvención.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(703).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.